

### 1.6.3) MANIFESTACIÓNS CULTURAIS: TRADICIÓNS, MÚSICA E POESÍA

A Cultura non ten límites físicos. A Etnografía preocúpase pola orixe e evolución histórica, máis non polo aspecto xeográfico. Pese a que as diversas culturas non son independentes, si existen variables zonais que lle dan especificidade. O grado de detalle varía en función do aspecto analizado, máis sempre entroncado nunha tradición cultural meirande (MARIÑO FERRO, 2006, P. 132).

A fisioloxía natural condiciona a presenza e asentamentos humanos e estes á súa vez modifican o Medio Físico. A Paisaxe de Deza moldeouse durante millóns de anos, nunha lenta evolución natural na que o home interfere converténdose no outro factor configurador da paisaxe.

A paisaxe actúa como escenario no que se desenvolve a vida humana, alén de factores naturais ten a capacidade de outorgar personalidade aos ocupantes dun territorio, mesmo no caso de áreas de escasa superficie máis de forte carácter. A Paisaxe pode actuar como feito diferencial, outorgando idiosincrasia a un territorio específico. Isto débese a que unha paisaxe vai ligada a uns factores naturais concretos e estes determinan a ocupación histórica do espazo e as actividades humanas, polo que xorde un conxunto de prácticas e crenzas directamente vinculadas ao Medio Natural. Entre estas prácticas están as manifestacións artísticas e culturais, cargadas dun simbolismo que en moitas das ocasións relaciónase directamente coa Paisaxe.

**A Cultura Popular e a Etnografía** de Deza indica personalidade propia, amosando similitudes con outras áreas pero tamén especificidades que a singularizan. Neste senso, as prácticas comunitarias e as actividades teñen un obvio tronco común coas do resto de Galicia, baseándose no modelo produtivo e no sistema de relacións sociais tradicionais (PEREIRA MAGARIÑOS, 2000, PP. 136-141).

A consideración da Comarca de Deza como territorio ben definido historicamente dende o punto de vista físico, administrativo e mesmo cultural outorga carácter. A presenza de elementos identitarios resulta básica, aspecto este no que amosa unha forte pegada a paisaxe da Comarca. A paisaxe marca a idiosincrasia. Máis o referente espacial é a parroquia, formada por aldeas e lugares, que a súa vez ten como elemento definidor último a casa, non coma construción senón coma conxunto de residencia familiar e explotación económica, se ben este aspecto pérdese ao mudar o modelo produtivo tradicional baseado na subsistencia.

Os elementos identificadores da poboación, parroquiais ou non, son transmitidos a través da tradición oral. A tradición oral funciona coma elemento conéctante do coñecemento, que se reflexa en multitude de expresións populares como poden ser ditos e contos. En moitos casos non falta a sorna e a rivalidade inter-parroquial.

Coma exemplo esta compilación da terras de **Agolada**:

*Berredo é boa terra,  
que da de beber a quen pasa.  
O que en Berredo bebe,  
en Berredo se casa.*

*Xunto ó regueiro de Quián,  
tres cunha besta van:  
un arrea, outro ten  
e outro mira se vai ben.*

*Os de Berredo, burros;  
os de Órrea, gorriós;  
ventosinos, cadelos finos,  
patacas e zucha  
metidas na ucha;  
os de Brántega, croieiros;  
os de Artoño, fariñeiros;  
os de Baiña, carrapelos;  
os de San Paio, carpaceiros;  
os de Carmoega, fariñeiros;  
os de Esperante, cucos;  
os de Vilariño, cereixeiros;  
os de Merlín, lagartos;  
os de Santa Comba, pombos;  
os de Toiriz, sardiñeiros,  
e os de Val, ratos.*

Algúns son propios de **Dozón**:

*En Dozón,  
nin boa cabra,  
nin bon castrón.*

*Se vas a Dozón,  
leva o pan no bolsón.*

*En Sisto non se leva  
pedirlle a filla ó pai,  
éntrase pola porta:  
“meu sogro como lle vai”.*

Estes ditos populares son de **Lalín**:

*Os homes da Xesta  
son cazadores e troiteiros:  
fan malas medas  
e tamén malos palleiros.*

*O sacristán de Meixome  
fai mil travesuras,  
molla o pan no aceite  
deixa os santos as escuras.*

*En Lebozán non hai xente  
que a levou a xiada,  
so quedou un xorobado  
debaixo da arribada.*

*Viva Zobra!  
Por todos os arredores  
terra de moitas castañas,  
vivan os sacudidores!*

*Heime casar cun chincheiro  
que é terra de moito grao,  
sóbense os ratos ós hórreos  
petan co rabo no chao.*

*Viva Lalín!  
Con razón ou sen ela.  
O que me dea un pao  
doulle un peso  
e si é de carballo,  
trinta reás.*

En **Rodeiro** atopamos diversos ditos:

*As mozas de San Martiño de Asperelo  
levan seis pares de medias,  
para que lle digan os homes  
que teñen moi boas pernas.*

*Santa María de Río moi boas campás ten.  
Debaixo delas está, quen me quería ben.*

Por **Silleda** din:

*Para igrexa,  
a de Moalde.  
Para capela,  
a de Abades.*

*Para beber, chourizo e morcela  
os de Vilar de Silleda.  
Pazos e Trasdeza,  
nin bos mozos, nin boa peza.*

**Vila de Cruces:**

*Para cantar,  
viva Carbia!  
Para bailar,  
San Tomé.  
E para as boas mozas,  
Sabrexo polo pé.*

Fonte: ILG

Os **oficios tradicionais** foron desaparecendo ou evolucionando ao longo do tempo, debido as novas modalidades produtivas.

A moderna Deza ve crecer o seu tecido industrial arredor dun sector téxtil, e outros sectores produtivos ligados á terra, pero aínda que co transcurso do tempo foron desaparecendo na comarca un conxunto de actividades artesanais tradicionais con vencello o entorno máis inmediato. Zocos, cruceiros en pedra, esmaltes, coiro e marroquinería, tallas de madeira e un sen fin de artigos eran elaborados polas mans artesanais de Deza.

A evolución tecnolóxica propia de Galicia, ao igual a doutras áreas e países, sofre un corte no seu devir, nun proceso de mudanza do paradigma produtivo que engloba á sociedade en xeral e que se manifesta especialmente na tecnoloxía e na arquitectura, impoñéndose modelos alleos ao que sería a evolución propia, máis que significan un maior rendemento (BAS LÓPEZ, 1988 BIS, PP. 259-269).

Pérdense elementos non tanxibles con vínculos no modelo anterior. Como exemplo unha singularidade, a **Verba dos Arginas**, presente en toda Galicia pero especialmente propia de Terra de Montes e con reflexo na Comarca de Deza. Esta linguaxe particular foi desenvolvida polos canteiros tradicionais, denominado popularmente “Latín dos Canteiros”. A xerga naceu como lingua propia do gremio (como sucedeu con outros, por exemplo o *Barallete* dos afiadores ourensáns) e coma modo de comunicación segredo, evitando ao patrón e o resto da poboación. Formalmente é unha linguaxe baseada na sintaxe do Galego, con influencia de verbas éuscaras. Autores como Filgueira Valverde ou o cronista local de Terra de Montes Rodríguez Fráiz recolleron máis de 5000 verbas. Ao longo do século XX foise perdendo ao ir desaparecendo oficio. Oficios desaparecidos son os oleiros, tecedeiras, poceiros, muiñeiros, fiadeiros e moitos outros.

A **caza e a pesca** son actividades cunha grande relevancia na Comarca de Deza, debido as boas condicións que se dan para ambas. As amplas áreas naturais e a densa rede hidrográfica permiten a presenza de cotos de caza e pesca (destacando a Serra do Candán e os ríos Deza e Arnego).

A **gastronomía** tradicional dunha determinada zona sempre estivo relacionada cos produtos ligados á terra, coa súa riqueza piscícola e cinexética.

Na oferta gastronómica do Deza reflíctense unha grande variedade de pratos. O cocido é o seu máximo expoñente, exáltase na festa gastronómica que se celebra en Lalín domingo anterior ao Entroido; a carne de vacún en calquera modalidade culinaria é outro dos nosos exquisitos manxares, o polbo á feira, a carne ao Caldeiro, derivados lácteos como o queixo, empanada (festa da empanada de Bandeira), embutido, melindres e rosquillas e unha longa lista. É unha terra moi prolífica e xeradora de produtos de calidade que da lugar a unha excelente gastronomía.

**As feiras e as festas** son boa mostra desa gastronomía tradicional e popular. Actúan ademais como ámbito de vínculos sociais, lugar de encontro e de expresión da sociedade.

A localización das feiras vai unida á presenza de produtos e tamén á situación a carón de camiños principais, creándose recintos especiais para a súa celebración. As principais feiras de Deza foron, historicamente, configuradoras de núcleos de poboación ou contribuíron a elo notabelmente. Así temos Agolada, Lalín, Silleda, Bandeira (Silleda), A Feira de Río (Rodeiro), A Feira Nova de Brántega (Agolada), A Feira dos Carballiños de Vilatuxe (Lalín), Camporrapado en Cortegada (Silleda), Agoleta en Camposancos (Lalín), a Feira do Vento en Bermés (Lalín) ou a Feira do Repolo de Losón (Lalín).

A súa motivación orixinal, a económica, foise perdendo co tempo e na actualidade é residual o que levou a desaparición de moitas delas e a pervivencia doutras como mero aglutinador social.

As festas teñen unha orixe relixiosa, celebrándose xeralmente no ámbito parroquial e nalgúns casos na entidade menor, a aldea. A destacar a autoxestión como modelo de organización tradicional destes actos, xa que son os propios veciños os organizadores.

**As romarías** superan o ámbito de organización parroquial. Soen adscribirse a presenza duna ermida, capela ou santuario cunha advocación alén do ámbito inmediato e con connotacións milagreiras e sanadoras. O día da romaría e habitual a asistencia á misa, a comida no entorno que ven sendo o substitutivo da comida na casa o día de festa e toda unha serie de costumes e tradicións particulares que varían en función da celebración en cuestión.

Estas características, comúns a toda Galicia, teñen o seu reflexo na Comarca de Deza en casos como O Corpiño (Losón, Lalín), A Santa Isabel (Escuadro, Silleda), A Virxe da Saleta (Siador, Silleda), San Sebastián da Rocha (Moalde, Silleda), A Pena de Francia (Santa María, Dozón) ou A Virxe do Faro (Rodeiro).

**O Entroido**, como festa tradicional, conserva singularidades na Comarca de Deza. En cada lugar e aldea hai costumes, moitas delas relacionadas con especialidades gastronómicas e con celebracións na rúa, máis destacan as Festas dos Xenerais de Bandeira (Silleda) e Brandariz (Vila de Cruces, se ben fora da Comarca Paisaxística).

A Festa dos Xenerais de Bandeira ten a súa orixe no século XIX, na Guerra de Independencia. Os “Xenerais” desfilan a cabalo e danlle réplica oral (as versalladas) aos inimigos de forma rimada e en substitución da batalla

militar. O ton de humor, propio das celebracións do Entroido está presente e está tamén presente a música, nos propios desfiles e con músicos de verdade ou non.

**A Música**, tradicionalmente vinculadas as festas e celebracións, soen ser bandas de música ou gaiteiros que harmonizan estes actos.

Actualmente en recuperación na comarca Dezá, as bandas de música e os grupos de gaitas teñen unha longa tradición na área. A finais do século XIX eran famosos na contorna gaiteiros como Xan da Xesta, Marcelo de Bermés ou O Gaiteiro de Santiso. A continuidade veu da man do grupo Os Dezas de Moneixas (Lalín), banda tradicional fundada nos anos 1920 e que actualmente prosegue coa súa actividade.

As bandas de música tiveron tamén grande relevancia, chegando a convivir trinta e tres na Comarca o que lle outorgaba ao Deza a maior densidade de Galicia. A primeira delas foi a A Banda Artística de Merza (Silleda, 1840), seguida doutras como Noceda (Lalín, 1859), Filgueira (Lalín, 1862) ou Ventosa (Agolada, 1869). Na actualidade seguen a ter relevancia e mantéñense en activo un alto número de bandas o que explica a existencia de Auditorios en entidades de poboación relativamente pequenas como o caso de Vilatuxe (Lalín).

A tradición musical segue moi presente na Comarca de Deza e tivo reflexo noutros ámbitos, como por exemplo na obra do gran pintor dezá, Laxeiro.

*“Músico e troiteiros dín: festa por festa o Carme da Xesta”*

POPULAR



Lamazares: *Eidos de Rosalía 16. Serie Gracias do Lugar.*  
Fonte: <http://www.antonlamazares.com/pintura/graciasdolugar>

A **pintura** ten especial relevancia coma expresión cultural. As obras pictóricas teñen unha relación evidente coas paisaxes e costumes propias do territorio, acadando grande influencia nas obras de destacados pintores coma Laxeiro, Colmeiro, Lamazares, Lareo ou Salgueiro.

A figura senlleira neste caso é Xosé Otero Abeledo, **Laxeiro**, (Lalín, 1908–Vigo, 1996) é considerado un dos meirandes representantes da Vangarda Artística Galega, formando parte dos “Renovadores”, entre os que tamén estaba Manuel Colmeiro, (natural de Chapa, Silleda). Laxeiro realizou unha fusión entre modernidade pictórica e tradición temática, na que están moi presentes o naturalismo, o folclore e o relixioso. O vínculo entre a análise dunha Comarca Paisaxística e as manifestacións culturais propias deste territorio pode ser o *Paisaxismo*, entendido este como “interpretación artística do que nos amosa un territorio dado” (PREGO DE OLIVER, 2005, P. 41). Esta interpretación inclúe tanto o aspecto natural como o factor humano.



Laxeiro: *Músico.* Fonte: Fundación Laxeiro (<http://www.laxeiro.es/>)

**Deza, cine galego:** o Grupo Cinematográfico Deza naceu en 1976 da man de Daniel González Alén. O seu obxectivo era facer un cine comarcal para a bisbarra do Deza. En total produciron unha ducia de películas. Realizaron un importante labor de difusión proxectando as súas películas en máis de trescentas vilas e lugares de Galicia. Os compoñentes do grupo son: Daniel González Alén (produtor, guionista e director), Xesús González (cámara e son) e Farruco Sixto, Carlos Taboada, María Teresa Castro, Celso González, María Xosé Fondevila, Emilio Trabazo e Aurora García (colaboradores e actores). Todos estes documentais gozan dun incalculable valor etnográfico.

Na película documental *Fiadeiras de Zobra*, trátanse os labores de cultivo e elaboración do liño ademais do rico folclore que perdura nun dos últimos redutos que se conservan en Galicia e que levan camiño de perderse, posto que so quedan referencias na microtoponimia (por exemplo, Os Batáns en Carmoega, Agolada).

Filmografía:

- Camba e Dozón (1976)
- Consello de Compadre (1977)
- Santuario de Faro (1977)
- Antroido en Brandariz (1978)
- Loita (1978)
- Lalín (1978)
- Campo Galego (1979)
- Cantigas de emigración(1980)

- Fiadeiras de Zobra (1981)
- Aparato (1982)

**Os Museos** de Deza reflicten características temáticas vinculadas á Comarca. Así, o Museo Municipal Ramón María Aller de Lalín compre a función de casa-museo do investigador lalinense e conta cunha mostra permanente de Laxeiro; o Museo Etnográfico de Doade realiza unha labor de recollida e difusión de diversos apeiros, útiles e costumes relacionados coas actividades e cultura tradicionais da zona e Museo Municipal de Rodeiro garda pezas arqueolóxicas de gran valor. En xeral, son representativos da Comarca de Deza e actúan como transmisor de valores propios coa poboación local ou visitante.

**A Literatura** é unha magnífica forma de expresión do sentir dunha área xeográfica específica, se ben é dificultoso falar dunha Literatura Dezá como tal. Deza mantén unha relevancia literaria documentada dende o Medioevo, con figuras relevantes dentro da chamada Lírica Galego-Portuguesa (séculos XII-XIV). Máis dentro deste movemento poético non é posible establecer límites espaciais atendendo ao aspecto puramente literario (SOUTO CABO, 1999, P. 33). A natureza deste movemento literario impide as referencias directas ao lugar de orixe.

Os datos son imprecisos sobre estes autores, pois datan dun período comprendido entre 1150 e 1350, con arredor de 1600 textos e sobre 160 poetas. Destes coñécense ao menos seis atribuídos a área do Deza: Nuno Eanes de Cérceo, Airas Peres Vuiturom, Joám García, Joám de Requeixo, Afonso Soares Sarraça e Pero Pais Bazoco. Eran cabaleiros pertencentes á nobreza media, *trovadores* dende o punto de vista literario. A súa obra é variada sendo reflexo da amplitude temática da Lírica Galego-Portuguesa: Cantigas de Descordo, Escarnio e Maldicer, Amigo ou Sátira. En todo caso, as referencias ao Deza non son explícitas, senón que implícitas e emocionais do autor.

*Fui eu, madre, en romaría a Faro con meu amigo e veño del namorada por quanto falou conmigo ¡ca mi xurou que morría por mi, tal ben me quería!*

Joám de Requeixo (s. XIII).

Como dixemos, resulta dificultoso e mesmo incorrecto clasificar figuras literarias en función da súa orixe xeográfica e non do seu estilo literario. Nembargante, en ocasións, a pertenza a un área cunhas características definidas como pode ser o Deza outorga uns certos valores que poden verse reflectidos na obra dos autores desa zona, que en moitos dos casos son persoeiros excepcionais ou ligados a correntes culturais non específicas ou mesmo alleas ao Deza.

Nos tempos recentes existen destacados autores literarios nados na Comarca de Deza: Gonzalo Navaza Blanco, Xosé Vázquez Pintor, Carlos Negro, Daniel González Alén, Luz Pichel, Xulio Calviño ou Isolda Santiago. Nas Artes Plásticas destacan figuras como o canteiro e escultor Vidal Paio Fernández e Álvaro Negro Romero ou investigadores coma Benito Varela Jácome (Crítico Literario) ou Xosé García Oro (historiador especialista na Baixa Idade Media e na época Moderna do Reino de Galicia). Máis non constitúen ningún movemento específico da Comarca de Deza.

**Na Ciencia** destaca Xosé Rodríguez González, o *Matemático Rodríguez*, ilustrado liberal que chegou a ser director do Observatorio astronómico de Madrid. O seu sobriño, Francisco Rodríguez Gil foi un filólogo de Bermés (Lalín), e autor do primeiro Dicionario Galego moderno en 1863.

O médico Wenceslao Calvo Garra (Lalín, 1921) traballou no Instituto Ramón y Cajal e obtivo o premio desta institución no 1950 por un traballo de neurofisioloxía titulado *Deza*. Traballou na fundación Rockefeller, no Instituto Neurolóxico de Montreal (Canadá) e na Universidade de Ulm (Alemaña), lugar no que falece en 2003.

Ramón María Aller Ulloa (nado en 1878 en Donramiro, Lalín) foi un astrónomo e matemático de recoñecido prestixio. Para el creouse a Cátedra de Astronomía da Universidade de Santiago. Un cráter lunar leva o seu nome ao igual que o Observatorio Astronómico da USC e o Museo Aller Ulloa de Lalín.

Noutro eido é figura moi destacada Francisco Gil de Taboada Lemos e Vilamarín, político e militar nado en Soutolongo (Lalín) en 1736. Chegou a ser Vicerrei do Perú e Capitán Xeneral da Real Armada Española.

Xaquín Loriga Taboada foi un importante militar destacando no eido da Aviación. A súa familia era a propietaria do Pazo de Liñares, Prado (Lalín), parroquia onde naceu no 1895. Entre outras fazañas foi o piloto do voo inaugural do autoxiro de Juan de la Cierva e participou no primeiro voo Madrid-Manila. Ademais, realizou a primeira aterraxe dun avión en territorio galego, en concreto no Monte Toxo, Filgueira (Lalín) o 23 de xuño de 1927.